



## ACTA DA DÉCIMO CUARTA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

### ASISTENTES:

#### POLA XUNTA DE GALICIA:

Don Tomás Fernández-Couto Juanas  
Director Xeral de Defensa do Monte  
Don Iñaki Bergaretxe Urdanpilleta  
Subdirector Xeral de Prevención  
Dona Olga Janeiro Barandaría  
Xefa do Servizo da Consellería do Medio Rural  
Dona Silvia Cortiñas Fernández  
Vicesecretaría Xeral da Consellería de Medio Rural

#### POLA FEGAMP:

D. Alfonso Villares Bermúdez  
Vicepresidente primeiro da Fegamp  
Dona Lucía González Louro  
Técnico da Fegamp

#### POR SEAGA:

Don Pablo Arbones Maciñeira  
Director xerente de Seaga  
Don Antón Barral Álvarez  
Licenciado en Dereito Seaga

En Santiago de Compostela, as 9:30 horas, do día 11 de marzo de 2020, na Sala de Xuntas da Dirección Xeral de Defensa do Monte, reúnen-se os citados anteriormente co fin de celebrar a reunión da Comisión de Seguimento do Convenio baixo a seguinte

### ORDE DO DÍA

- I.- Lectura e aprobación da acta da reunión da Comisión de 19 de febreiro de 2019.
- II.- Aprobación das 6 novas solicitudes de adhesión ao Convenio

CÓD. PROV	CONCELLO
32	SAN AMARO

- III.- Estudo do segundo borrador do texto para a terceira addenda ao Convenio
- IV.- Presentación do segundo borrador de priorización de parroquias correspondentes ao ano 2020
- V.- Presentación e aprobación da solicitude do Concello de Covelo para a realización material das actuacións de xestión de biomasa derivadas de resolucións de execución subsidiaria
- VI.- Rogos e preguntas.

Aberta a sesión polo Presidente, D. Tomás Fernández-Couto Juanas, abórdanse os distintos puntos da Orde do día.





## I.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE 19 DE FEBREIRO DE 2020

Unha vez revisadas as actas pola FEGAMP e pola Secretaría Xeral Técnica, e realizadas as modificacións oportunas, procédese a aprobación e a firma das mesmas polo Presidente e a Secretaria da Comisión.

## II.- APROBACIÓN DAS 6 NOVAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN AO CONVENIO

Na data da celebración da Comisión rexistrouse unha nova solicitude de adhesión ao Convenio

Concellos Lugo (1)
SAN AMARO

Admítese a solicitude de adhesión deste Concellos e acórdase notificar con esta data a resolución informando da admisión segundo o modelo aprobado pola Comisión e revisado polas partes asinantes do Convenio. Posteriormente dende Seaga contactárase co Concello adherido para ir avanzando na elaboración da planificación.

## III.- ESTUDO DO SEGUNDO BORRADOR DO TEXTO PARA A TERCEIRA ADDENDA AO CONVENIO

Coméntase na Comisión o contido do segundo borrador do texto para a terceira addenda ao Convenio.

Procédese a revisión e modificación do borrador quedando aprobado o seu contido, incorporado como anexo á presente acta.

Acórdase dar traslado a asesoría xurídica do borrador da addenda.

## IV.- PRESENTACIÓN DO SEGUNDO BORRADOR DE PRIORIZACIÓN DE PARROQUIAS CORRESPONDENTE AO ANO 2020

Presentase ante a Comisión o segundo borrador de priorización de parroquias correspondente ao ano 2020. No primeiro borrador detectáronse superficies duplicadas e tras corrixir esta incidencia a proposta de priorización por provincias sería a seguinte:

Provincia	Superficie a priorizar (ha)	Nº parroquias	Nº Concellos
A Coruña	1.334,55	16	11
Lugo	387,61	10	7
Ourense	2.275,81	45	19
Pontevedra	1.304,77	16	16
	<b>5.302,74</b>	<b>87</b>	<b>53</b>

Procédese á aprobación do borrador de priorización por Concellos e parroquias incorporado como Anexo da presente acta.





## **V.- PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DA SOLICITUDE DO CONCELLO DE COVELO PARA A REALIZACIÓN MATERIAL DAS ACTUACIÓNS DE XESTIÓN DE BIOMASA DERIVADAS DE RESOLUCIÓNS DE EXECUCIÓN SUBSIDIARIA**

Estúdase dita solicitude presentada polo Concello de Covelo. Segundo os informes remitidos por Seaga tras revisar os expedientes conséntase o seguinte:

- a) Das 44 referencias catastrais 27 parcelas están incluídas no núcleo rural, polo que estarían fora do ámbito de actuación do Convenio
- b) Das 17 parcelas en faixas secundarias teríamos 4 parcelas procedentes de fincas en zona de concentración parcelaria onde se precisaría información vectorial tanto das parcelas como das faixas secundarias.
- c) Quedarían 13 parcelas situadas en faixas cunha superficie de actuación de 1,60 Ha.

Apróbase pola Comisión a actuación nesas 13 parcelas cunha superficie de actuación de 1,60 Ha, sen prexuízo da incorporación posterior das 4 parcelas que precisan traballos previos de información vectorial.

Acórdase remitir un oficio ao concello de Covelo comunicando o presente acordo.

## **VI.- ROGOS E PREGUNTAS**

Coméntanse, entre outras, as seguintes cuestións:

1º Coméntase que se está traballando no texto consolidado do Convenio (1ª e 2ª addenda) á espera de que se aprobe a terceira addenda.

2º Coméntase a necesidade de preparar unha comunicación que resuma as novas posibilidades introducidas pola terceira addenda e explique as posibilidades que ofrece o Convenio a cada Concello.

3º Coméntase a necesidade de preparar outra comunicación lembrando a necesidade de tramitar a aprobación definitiva dos plans municipais.

E sen máis asuntos que tratar, o Presidente da por finalizada a reunión, sendo as 13:00 horas da data sinalada no encabezamento.

## **ANEXOS**

### **BORRADOR DO TEXTO PARA A TERCEIRA ADDENDA AO CONVENIO**

### **BORRADOR SEGUNDA PRIORIZACIÓN**

(incorporar borradores)

